



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE NOVE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS
(ACTA NÚMERO 47)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **nove de decembro de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten a señora Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e a señora deputada dona Mónica Freire Rancaño.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DOUS DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dous de decembro de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE APARATOS ELEVADORES NOS DISTINTOS CENTROS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 29 de novembro de 2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

Antecedentes:

1. Memoria xustificativa do contrato e orde de inicio, con CSV: IV7AQGYDNU5OZG5KVRPM6VXHIA.

2. Prego de prescricións técnicas, asinado pola Xefa do Servizo de Arquitectura con CSV: IV7D2KXLKAX34VHL7RQXCQZOE.

3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7D3QBDEAFD2T6T6PWNKTRTKI.



4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7ASLSMFV6M4TZ4S76WKUAS6E.

5. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7ASLSCHNZDXVE62VX5FYQ7E4.

6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7ASLYIZUN57CF5DRNN6JTB4A.

7. Proposta de Presidencia, con CSV IV7ATS3SYHZP4WX4WFYEDYJA6U.

8. Acordo da Xunta de Goberno de data 23 de setembro de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7A4UBPF5RDXDZ3ZV6FID7H7Y.

9. Acta da Mesa de Contratación do día 14 de outubro de 2022, con CSV IV7A6075H74DRBPNCVEQJYCHEQ, que acordou o seguinte:

(...) “Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres que conteñen a declaración de cumprimento de requisitos previos dos licitadores concorrentes a esta licitación que, segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público, son os seguintes:

LICITADORES
A. EMBARBA S.A.
KONE ELEVADORES S.A.
ORONA S. COOP.
OTIS MOBILITY S.A.
SCHINDLER, S.A.
TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.

Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, e considerando que todas as empresas concorrentes presentaron dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, a Mesa de Contratación acorda admitir as ofertas presentadas por todos os licitadores, procedendo acto seguido á cualificación dos sobres

electrónicos, co seguinte resultado: Os Anexos I presentados polas empresas axústanse aos requisitos recollidos no PCAP.

A continuación procédese á apertura do sobre relativo aos criterios de adxudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, cos resultados que se transcriben a continuación. A Mesa de Contratación acorda outorgar as seguintes puntuacións:

LICITADORES	PREZO OFERTADO (IVE INCLUÍDO)	PUNTUACIÓN
A. EMBARBA S.A.	13.532,64 €	72,52
KONE ELEVADORES S.A.	12.521,76 €	78,38
ORONA S. COOP.	11.500,13 €	85,34
OTIS MOBILITY S.A.	9.814,07 €	100,00
SCHINDLER, S.A.	13.213,20 €	74,27
TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.	11.858,00 €	82,76

Acto seguido procédese á comprobación de se algunha das propostas está incursa en valores anormais ou desproporcionados, en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, cos seguintes resultados:

Ofertas presentadas	Importe Oferta	Importe de la Baja	Porcentaje de Baja sobre precio base licitación	Primer Filtro	¿Baja Temeraria?
A. EMBARBA S.A.	13.532,64	8.489,36	38,5495%	No se incluye	No es Baja Temeraria
KONE ELEVADORES S.A.	12.521,76	9.500,24	43,1398%	Se incluye	No es Baja Temeraria
ORONA S. COOP.	11.500,13	10.521,87	47,7789%	Se incluye	No es Baja Temeraria
OTIS MOBILITY S.A.	9.814,07	12.207,93	55,4352%	Se incluye	Es Baja Temeraria
SCHINDLER, S.A.	13.213,20	8.808,80	40,0000%	Se incluye	No es Baja Temeraria
TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.	11.858,00	10.164,00	46,1538%	Se incluye	No es Baja Temeraria
Medias calculadas	12.073,30	9.948,70	46,50%	11.781,43	Media Ofertas incluidas
Porcentaje de Baja a partir del cual se considera BAJA TEMERARIA e importe de la oferta, en valores absolutos, a partir del cual tiene esa consideración (Media Aritmética Ofertas incluídas menos 10 unidades porcentuales)			51,85%	10.603,29	

Á vista dos resultados, a Mesa de Contratación acorda, de conformidade co establecido no artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) e cláusula 13 do PCAP, conceder o trámite de audiencia á empresa Otis mobility S.A. para que, no prazo de 5 días hábiles, xustifique e desglose razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro, para valoración da súa oferta, e precise as súas condicións, nos aspectos particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP, que ao respecto sinala: "... en



particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción; as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; a innovación e orixinalidade das solucións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; o respecto de obrigas que resulten aplicables, en materia medioambiental, social ou laboral e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP; ou a posible obtención dunha axuda do Estado, ademais do establecido na cláusula decimo terceira do PCAP que rexe a contratación deste servizo.

Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico”.

10. Acta da Mesa de Contratación do día 7 de novembro de 2022, con CSV IV7A6O75H74DRBPNCVEQJYCHEQ, que acordou o seguinte:

“Con data 18 de outubro de 2022 deuse traslado á empresa do trámite de xustificación de oferta anormalmente baixa. A empresa presentou xustificación con data 25 de outubro, en prazo.

O Servizo de arquitectura emitiu informe, con CSV IV7AZXDCLMUJTOUTDAZ6SOLXWAA, que conclúe:

(...) “Por todo o anteriormente exposto, pódese considerar que a xustificación da viabilidade da oferta presentada pola licitadora Otis Mobility SA, está o suficientemente motivada, o que nos leva a estimar que dita oferta pode ser cumprida”. (...)

A Mesa acorda facer seu o informe do Servizo de arquitectura e aceptar a xustificación da oferta, por unanimidade dos presentes.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a xustificación presentada pola empresa de conformidade co informe do Servizo de arquitectura.

2º.- Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	OTIS MOBILITY S.A.	100
2	ORONA S. COOP.	85,34
3	TK ELEVADORES ESPAÑA,S.L.	82,76
4	KONE ELEVADORES S.A.	78,38
5	SCHINDLER, S.A.	74,27
6	A. EMBARBA S.A.	72,52

3º.- Requirir á empresa Otis Mobility S.A. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (importe ofertado sen IVE)	IMPORTE DA GARANTÍA 10 % (cláusula 10.3 do PCAP)
8.110,80 €	811,08 €

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.



11. Resolución de Presidencia de 9 de novembro de 2022, con CSV IV7A3UACJMZMRL6L4XUNMIDEMI de clasificación e requirimento de documentación.

12. Requirimento de documentación, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 11 de novembro de 2022.

13. Documentación presentada pola empresa Otis Mobility S.A. a través da plataforma de contratación do sector público o día 17 de novembro de 2022.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 29 de novembro de 2022, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente.

Consta no certificado do rolece a clasificación da empresa na categoría recollida no PCAP, a efectos de solvencia económica e técnica. Incorpórase ao expediente carta de pago da garantía, emitida pola Tesourería provincial, así como a documentación presentada pola empresa coa oferta: copia da póliza de seguro de responsabilidade civil, copia de xustificante de pago do último recibo da póliza e certificado de inscrición no rexistro de empresas conservadoras de ascensores.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Otis Mobility S.A a contratación do servizo de mantemento dos aparatos elevadores nos distintos centros da Deputación de Lugo, expediente 2022/CON_02/000060, polo importe de 8.110,80 €, aos que haberá que engadir 1.703,27 € en

concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 9.814,07 €, para dous anos de duración de contrato.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as 10:30 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Otis Mobility S.A a contratación do servizo de mantemento dos aparatos elevadores nos distintos centros da Deputación de Lugo, expediente 2022/CON_02/000060, polo importe de 8.110,80 €, aos que haberá que engadir 1.703,27 € en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 9.814,07 €, para dous anos de duración de contrato coa seguinte distribución por anualidades:

CENTRO	APLICACIÓN	ANO 2023	D/2023	ANO 2024	D/2024
PAZO PROVINCIAL	9200.212	1.294,16	920229/486	1.294,16	920229/486
SANTA MARÍA	9320.212	1.294,16	920229/488	1.294,16	920229/488
MUSEO PROVINCIAL	3330.212	647,08	920229/489	647,08	920229/489
ESCOLA IMAXE E SON	3241.212	808,85	920229/490	808,85	920229/490
EDIFICIO SAN MARCOS Nº 11	9330.212	647,08	920229/491	647,08	920229/491
MUSEO PAZO DE TOR	3332.212	215,70	920229/492	215,71	920229/492
SUMA		4.907,03		4.907,04	
TOTAL	9.814,07				

A presente proposta de gasto anticipado cumpre o establecido no artigo 117.2 da LCSP e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral. O gasto financiarase con cargo as anualidades 2023 e 2024. Para a anualidade 2023 figura crédito dispoñible suficiente no orzamento inicialmente aprobado polo Pleno da Deputación en data 29.11.2022, e para a anualidade 2024 a Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2023 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.



2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

4º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Muras coa finalidade común de colaborar na Humanización do campo da feira do Viveiró.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Muras para a execución dos fins común de Humanización do campo da feira do Viveiró, consta no mesmo:

1. Solicitud de Concello de Muras con número de expediente no GTM: 2022/PES_03/02378.

2. Memoria de impacto económico, con CSV: IV7BU2Q4L4BCJ66D6L7WCRTFKE.

3. Borrador de convenio con CSV: IV7BU2Q4LYJ4R66M3UNC75LT74.

4. Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7BU2XLNMT3J74YU573RRIY e complementario con CSV: IV7BUCA6JYRZ3WEZ2VGEIMDAL4.

5. Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobado o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Muras coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de Humanización do campo da feira do Viveiró, con un orzamento total de 462.757,48 euros.

2º.- Que se aprobo o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 409.000,00€ euros, dos que 204.500,00€ son con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2022 e 204.500,00€ na anualidade de 2023.

O investimento prográmase como un gasto plurianual, figurando crédito dispoñible no orzamento de 2023, inicialmente aprobado polo Pleno da Deputación en data 29.11.2022.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta relativa ao convenio canalizador da subvención excepcional a outorgar pola Excm. Deputación Provincial de Lugo a Real Federación Galega de Fútbol co*



obxecto de colaborar na actividade: “Organización da fase final four da Copa do Rei xuvenil celebrada no estadio municipal Anxo Carro os días 13 e 16 de abril de 2022”, ano 2022.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder a Real federación galega de fútbol para sufragar os gastos derivados da actividade: “Organización da fase final four da Copa do Rei xuvenil celebrada no estadio municipal Anxo Carro os días 13 e 16 de abril de 2022”, durante a anualidade 2022, polo importe de 15.000,00€, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

1. Constancia de que a concesión directa da subvención ampárase nalgunha das normas que, segundo a normativa vixente, habilitan para utilizar este procedemento.
2. Existencia de convenio canalizador da concesión, elaborado na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, Servizo de Deporte.
3. Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, de que o beneficiario atópase ao corrente das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non atoparse nas prohibicións para obter a dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS.
4. Informe da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, Servizo de Deporte, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.
5. Informe do Servizo de Contratación e Fomento conformado pola Secretaría sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2022.
6. Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24ª.2 das Bases de Execución do Orzamento 2022 e tendo en conta os informes procedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da Liña 12.1c que leva por título “Deportes” das recollidas, na Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do Plan

Estratéxico de Subvencións da Deputación 2020 – 2022 de data 2 de abril de 2020, e a súa actualización aprobada por acordo da Xunta de Goberno Provincial de venres 4 de febreiro de 2022.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Que se aprobe a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 15.000,00€, a favor da entidade Real federación galega de fútbol para sufragar gastos derivados da actuación “Organización da fase final four da Copa do Rei xuvenil celebrada no estadio municipal Anxo Carro os días 13 e 16 de abril de 2022”, anualidade 2022, subvención incluída na liña 12.1c que leva por título “Deportes” da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do PES vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Que se aprobe o gasto de 15.000,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 3410.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, a favor da entidade Real federación galega de fútbol, para sufragar gastos derivados da actuación “Organización da fase final four da Copa do Rei xuvenil celebrada no estadio municipal Anxo Carro os días 13 e 16 de abril de 2022”, anualidade 2022.

3º.- Que se aprobe o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se achega con este informe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional a outorgar pola Excma Deputación Provincial de Lugo a entidade Old Navy Port Producciones S.L. co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto “Caudal Fest, na anualidade 2022”.*

Logo de ver a proposta da señora deputada da área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:



“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Old Navy Port Producciones S.L. co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto denominado “Caudal Fest” durante a anualidade 2022, polo importe 50.000,00€, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

1. Informe emitido pola Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo) que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

2. Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo) que instrumenta a subvención antes mencionada.

3. Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2022.

4. Informe da Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo), no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención

5. Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2022.

6. Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24.2 das Bases de Execución do Orzamento 2022 e tendo en conta os informes precedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da 3,1-) “Turismo” apartado d), titulada “Outras actuacións específicas” da Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo), do P.E.S. da Deputación de Lugo 2020-2022, aprobado por Resolución de presidencia de data 2 de abril de 2020 e actualizado por acordó da Xunta de Goberno de data 4 de febreiro de 2022.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordó:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa de carácter excepcional, por importe de 50.000,00€, a favor da entidade Old Navy Port Producciones S.L., para sufragar os gastos derivados da actuación denominada “Caudal Fest”, na anualidade 2022, subvención incluída na Liña 3,1-) “Turismo” apartado d), titulada “Outras actuacións específicas” da Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo), do PES da Deputación de Lugo 2020-2022, aprobado por Resolución de presidencia de data 2 de abril de 2020 e actualizado por acordó da Xunta de Goberno de data 4 de febreiro de 2022.

2º.- Aprobar o gasto de 50.000,00€ con cargo a aplicación orzamentaria 4320.47911do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022 a favor da entidade Old Navy Port Producciones S.L., para sufragar gastos derivados da actuación denominada “Caudal Fest”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, elaborado na Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo, (Servizo de Turismo).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Proposta relativa ao convenio da subvención directa excepcional a outorgar pola Excma. Deputación Provincial de Lugo á Federación de asociacións de comercio de la confederación provincial de empresarios de Lugo para colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “Gala de outono do comercio da provincia de Lugo” na anualidade 2022.*

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:



“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Federación de Asociaciones de Comercio de la Confederación Provincial de Empresarios de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “Gala de outono do comercio da Provincia de Lugo” polo importe de 50.000€, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

1. Informe da unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

2. Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

3. Declaración do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2022.

4. Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

5. Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do Convenio.

6. Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa no Anexo I sobre as liñas de actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2022, actualizado por acordo de Xunta de Goberno de data 4 de febreiro de 2022, do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo 2020 - 2022 (PES), aprobado por resolución de presidencia de data 2 de abril de 2020, na liña 4.1.c: Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo, da Área de Promoción Económica e Social - Emprego, xa que na mesma se recollen os obxectivos de consolidar o sector privado, afianzando a súa actividade, e xerar un desenvolvemento sustentable que dinamice o mercado laboral no territorio e xerar un tecido empresarial sólido no que se asenten as bases do futuro da provincia.

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta é a Xunta de Goberno, en base ao establecido na base 24.4 das Bases de Execución do Orzamento Provincial para o ano 2022, que indican que o órgano

competente para o outorgamento de subvencións de concesión directa de carácter excepcional é o Presidente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000,00€ de xeito individual, sendo a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores.

No presente caso, trátase dunha actividade englobada dentro da competencia da Deputación, que se refire á colaboración co beneficiario para o financiamento dos gastos derivados da actuación “Gala de outono do comercio da Provincia de Lugo”. Esta actuación consiste na promoción do comercio da provincia lucense, tendo como obxectivo principal recoñecer todas aquelas actuacións levadas a cabo polos comercios retallistas da nosa provincia. Para elo, realizarase un concurso entre os comercios previamente inscritos, existindo 5 categorías para optar os premios (Premio ao Mellor Traxectoria Individual, Premio á Continuidade Empresarial, Premio Dixitalización, Premio Comercio Sostible e Premio Comercio de Barrio), o mesmo tempo sortearanse 200 tarxetas de 50 euros entre os consumidores que participen na votación dos comercios e organizarase unha gala final para entrega dos premios os galardoados.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte Acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 50.000€, a favor da entidade Federación de Asociaciones de Comercio de la Confederación Provincial de Empresarios de Lugo, para sufragar os gastos derivados da actuación “Gala de outono do comercio da Provincia de Lugo” na anualidade 2022, subvención incluída na Liña 4.1.c – Fomento da Promoción económica e social da provincia de Lugo da Área funcional de Promoción Económica e Social, do Plan Estratéxico de Subvencións vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobar o gasto de 50.000€, con cargo á aplicación orzamentaria 2410.48911 do vixente Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2022, a favor da entidade Federación de Asociaciones de Comercio de la Confederación Provincial de Empresarios de Lugo, para sufragar os gastos derivados da actuación “Gala de outono do comercio da Provincia de Lugo” na anualidade 2022.



3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/018, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/018, correspondente á AA.VV. Feira de Barrazoso de Gaibor (Begonte), destinada as obras de “Mellora do firme camiños de acceso a vivendas”, concedéndolle unha subvención por importe de 5.664,16 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- María José Cabarcos Blanco, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da AA.VV. Feira de Barrazoso de Gaibor, tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/018, destinada ás obras de “Mellora do firme camiños de acceso a vivendas” por un importe de 5.664,16 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/051, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/051, correspondente á Agrupación Veciños de Peizais (A Fonsagrada), destinada as obras de “Mellora da traída de auga”, concedéndolle unha subvención por importe de 5.700,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- José Manuel Méndez Gutiérrez, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.



Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Agrupación Veciños de Peizais (A Fonsagrada), tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/051, destinada ás obras de “Mellora da traída de auga” por un importe de 5.700,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/054, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/054, correspondente á Agrupación de Veciños de Espasande de Abaixo (Riotorto), destinada as obras de “Melloras accesibilidade e servizos escola”, concedéndolle unha subvención por importe de 5.700,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- Por Resolución da Presidencia de data 17 de outubro de 2022 resolveuse aprobar a solicitude de anticipo por importe de 2.800,00 € (49,12% da subvención concedida), así como o aboamento do mesmo.

Terceiro.- María Luisa Villada Moirón, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Cuarto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Agrupación de Veciños de Espasande de Abaixo (Riotorto), tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/054, destinada ás obras de “Melloras accesibilidade e servizos escola” por un importe de 5.700,00 €, así como o aboamento de 2.900,00 € correspondentes ao 50,88% restante da subvención concedida.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/059, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/059, correspondente á Asociación Veciñal e Cultural de Taboada dos Freires (Taboada), destinada as



obras de “Mellora e acondicionamento local”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- Ana Belén Díaz Otero, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Asociación Veciñal e Cultural de Taboada dos Freires (Taboada), tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/059, destinada ás obras de “Mellora e acondicionamento local” por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/072, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/072, correspondente á Agrupación Sampaio (Baleira), destinada as obras de “Substitución depósito de almacenaxe de auga uso doméstico”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- Miguel Ángel Fernández López, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Agrupación Sampaio (Baleira), tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/072, destinada ás obras de “Substitución depósito de almacenaxe de auga uso doméstico” por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA CREACIÓN DA LISTAXE DE EMPREGO DE ATS-DUE



PARA PRESTAR SERVICIOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da señora deputada da área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

Visto que foi caducada por decreto da Presidencia de data 28/11/2022 a listaxe de emprego temporal de ATS-DUE, polo que neste momento non existen efectivos que se poidan incorporar a prestar servizos, constatándose a necesidade de que a Entidade cree unha nova listaxe para poder atender as necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación, conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.catro da Lei 22/2021, de 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022, proponse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), acorde:

1º.- Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a creación da listaxe de emprego temporal de ATS-DUE grupo A – subgrupo A2, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou, no seu caso, polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

2º.- Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados), aprobadas na Xunta de Goberno de 13 de marzo de 2020, publicadas no BOP número 079 de 6 de abril de 2020 e na Xunta de Goberno de

10 de xullo de 2020 publicadas no BOP número 161 de 15 de xullo de 2020, así como na web corporativa www.deputacionlugo.gal, apartado emprego público-RRHH-selección temporal.

3º.- Aprobar as bases específicas, que complementarían ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.

4º.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.

6º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº347/2022-P.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo en relación co Procedemento Abreviado nº347/2022-P seguido a instancia de Gasóleos Abelleira, S.L.U. fronte á desestimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada polos danos sufridos no vehículo matrícula 9460GZX cando circulaba pola LU-P-0611, km 0,3 pola existencia, segundo indica no seu escrito de demanda, dunha focha na calzada, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:



1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

ASUNTOS DE URXENCIA

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade dos asistentes, adoptáronse os seguintes acordos:

Primeiro.- *Proposta de acordo provisional sobre concesión de subvencións na execución do Programa "O que non arde".*

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar a prevención de incendios en terreos agrícolas e forestais mediante o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do programa “O que non arde”, na anualidade 2022.

I.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 21 de outubro de 2022, adoptou, entre outros o seguinte Acordo:

1º.- Aprobación da convocatoria do procedemento de concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar a prevención de incendios en terreos agrícolas e forestais, mediante o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do Programa “O que non arde”, na anualidade 2022, dotado con 60.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2022.

2º.- Aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións.

3º.- Aprobación dos modelos de solicitude e xustificación das devanditas subvencións.

4º.- A publicación da citada convocatoria e bases canalizadoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na portal de internet da Deputación.

5º.- A aprobación do gasto, polos importes e con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes:

44.000 €, con cargo á AO 4190.789

16.000 €, con cargo á AO 4190.48900, ambas do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2022.

A convocatoria e as bases canalizadoras das subvencións foron publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na Sede Electrónica da Deputación de Lugo, o 28 de outubro de 2022.

II.- Como consecuencia da dita publicación, foron recibidas 48 solicitudes: 42 dirixidas ao Eixo 1 liña A, 2 dirixidas ao Eixo 1 liña B, e 4 dirixidas ao Eixo 2.

En cumprimento do establecido na Base 9 das canalizadoras das subvencións, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade instruíronse e tramitáronse os respectivos expedientes, revisando as solicitudes presentadas e verificando que estas contiñan a documentación esixida na Base 7.

Resultando que a documentación de varios expedientes estaba incompleta ou defectuosa, requiriuse aos solicitantes para que, no prazo de dez días hábiles, achegaran a documentación necesaria ou emendaran os defectos observados.

Completados os expedientes coas contestacións aos ditos requirimentos e realizadas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos



cales debe procederse á estimación ou, no seu caso, desestimación das solicitudes, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade emitiuse informe, o 1 de decembro de 2022, no que se determinou os solicitantes que se atopaban na situación que fundamentaba a concesión das subvencións ou nos que concurrían as circunstancias e se cumprían as condicións e requisitos previstos nas Bases canalizadoras de aquelas para poder ser os seus beneficiarios.

III.- Á vista dos expedientes dos ditos solicitantes e en virtude do disposto na Base 9 das canalizadoras das subvencións, unha Comisión procedeu á súa avaliación, en sesión constituída ao efecto o día 1 de decembro de 2022, utilizando para elo os criterios de valoración establecidos na Base 8 das canalizadoras das subvencións, e emitindo informe no que se concretou o resultado de aquela e a prelación das solicitudes.

Por todo canto vai exposto, á vista do expediente e do citado informe da Comisión de Avaliación prevista na Base 9 das canalizadoras das subvencións, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Ditar resolución provisional de concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar a prevención de incendios en terreos agrícolas e forestais mediante o fomento de boas prácticas de silvopastoreo e pastoreo en extensivo que produzan a redución dos niveis de biomasa existente, na execución do programa “O que non arde”, na anualidade 2022, en favor dos beneficiarios e nas contías que se relacionan nos anexos I, II e III a esta Proposta, de acordo aos criterios de determinación do importe das subvencións referidos na Base 8 da convocatoria, segundo a especificación que consta na Acta da Comisión de Avaliación.

2º.- Ditar resolución provisional de desestimación das solicitudes que se relacionan no anexo IV desta Proposta.

3º.- Outorgar a este Acordo provisional o carácter de definitivo, no caso de finalizar o trámite de audiencia sen que se formularsen alegacións, o que será publicado no BOP de Lugo en na páxina web da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal) para o seu coñecemento e efectos oportunos.

4º.- Notificar este Acordo provisional aos interesados, por medio de publicación no BOP de Lugo e na páxina web da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal), concedéndolles un prazo de dez días hábiles para presentar alegacións.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de iniciación, se procede, do expediente de expropiación forzosa para a obtención dos bens necesarios para a realización do proxecto de expropiación por taxación conxunta da parcela catastral 7267104PH5776N0001HE para a súa integración na residencia de maiores “Residencial Rois” da Fonsagrada.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno desta Deputación acordou en data 23/09/2022 iniciar, en base aos informes técnicos e xurídicos emitidos polo Servizo de Benestar e Igualdade, a Unidade de Proxectos, a Asesoría Xurídica e a Secretaría Xeral, o procedemento para o Proxecto de expropiación por taxación conxunta da parcela catastral 7267104PH5776N0001HE para a súa integración na residencia de maiores “Residencial Rois” da Fonsagrada.

Na Xunta de Goberno do 30/09/2022 aprobouse a corrección de erro material na referencia catastral da parcela a expropiar.

O Convenio Marco formalizado pola Deputación Provincial de Lugo e o Concello da Fonsagrada, de data 20/06/2018, interadministrativo de cooperación para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores, lexítima á Deputación a facerse cargo da expropiación, xa que a súa finalidade é a inclusión da parcela no Centro de Atención a Maiores (CAM) da Fonsagrada por ser a opción máis conveniente para o interese público provincial de prestación do servizo de benestar social.



O Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello da Fonsagrada cualifica o solo onde está construído o CAM como Sistema Xeral de Equipamentos Comunitarios (S-02) dentro do solo urbano consolidado.

O artigo 85.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) indica que a aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico implica a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados aos fins de expropiación.

O artigo 117 bis da LSG establece que a Administración expropiadora poderá utilizar, para o desenvolvemento da actividade de execución das actuacións no sistema de expropiación, todas as modalidades de xestión directa e indirecta admitidas pola lexislación. O sistema de expropiación máis adecuado neste caso é a taxación conxunta pola tipoloxía e destino que o PXOM sinala para este solo.

O artigo 118.10 da LSG determina que o acordo de aprobación definitiva do expediente de taxación conxunta implica a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados, e o artigo 118.11 sinala que o pago ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos puntos 6, 7 e 8 de artigo 52 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa.

En base a todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno, en cumprimento do artigo 118 da LSG, a aprobación do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Proxecto de expropiación por taxación conxunta da parcela catastral 7267104PH5776N0001HE para a súa integración na residencia de maiores “Residencial Rois” da Fonsagrada, para a determinación do xusto prezo para a expropiación dos bens e dereitos afectados.

O expediente contén os seguintes documentos:

Delimitación do ámbito territorial, cos documentos que o identifican en canto a situación, superficie e lindeiros, coa descrición de bens e dereitos afectados e a relación das persoas titulares. A superficie a expropiar é de 156 m².

Fixación de prezos, coa valoración razoada do solo, segundo a súa cualificación urbanística. A valoración total é de 167.209,18 €.

Folla de xusto prezo individualizado do predio, na que se contén non só o valor do solo, senón tamén o correspondente ás edificacións, obras, instalacións e plantacións.

2º.- Aprobar, inicialmente, a seguinte relación detallada de titulares e de bens e dereitos a expropiar:

Nº predio	Referencia catastral	Titulares	Superficie afectada (m2)	Importe total da expropiación	Bens afectados
1	7267104PH5776N0001HE	Dolores Trashorras Carreira	156	167.209,18 €	Casa unifamiliar de 430 m ² construídos totais, formada por planta baixa dedicada a garaxe, portal e escaleiras (155 m ²), primeira planta dedicada a vivenda (161 m ²) e faiado dedicado a almacén (114 m ²). Construción do ano 1.945, reformada en 1.998, enfuscado exterior, carpintería exterior de aluminio branco sinxelo, cuberta de lousa, estado de conservación normal.

3º.- Someter a exposición pública o expediente de expropiación cos documentos sinalados polo prazo dun mes e ordenar a súa publicación conforme ao legalmente establecido, mediante anuncios no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior circulación da provincia, para que aquelas persoas que poidan resultar interesadas formulen as observacións e reclamacións que xulguen convenientes, en particular no que atinxe á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos.

4º.- Ordenar a notificación individual das taxacións aos titulares de bens e dereitos no expediente, mediante o traslado literal da correspondente folla de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración, para que poidan formular alegacións no prazo dun mes, contando a partir da data de notificación.

5º.- Emitido informe sobre as posibles alegacións, someterase o expediente á aprobación definitiva. A resolución aprobatoria do expediente notificaráselles ás persoas interesadas titulares



de bens e dereitos que figuran nel, e conferiráselles un prazo de vinte días, durante o cal poderán manifestar por escrito ante o órgano expropiador a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado, continuándose o expediente en base ao establecido nos puntos 7 a 11 do artigo 118 da LSG.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.